



Información básica sobre Protección de Datos

Responsable	CONCELLO DE PONTEVEDRA
Finalidade	Atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra
Lexitimación	Interese público ou exercicio de poderes públicos
Destinatarios	Non están previstas transferencias internacionais de datos
Dereitos	Acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición/revogación e a presentar reclamación ante as autoridades de control, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de datos en <a href="http://sede.pontevedra.gal">http://sede.pontevedra.gal</a>

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE PONTEVEDRA con CIF P3603800H e domicilio social sito en RÚA MICHELENA 30, 36002 Pontevedra, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE PONTEVEDRA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

A súa vez, informamos que pode contactar co Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEVEDRA, dirixíndose por escrito á dirección de correo [dto.cliente@conversia.es](mailto:dto.cliente@conversia.es) ou ao teléfono 902877192.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [dpd@pontevedra.eu](mailto:dpd@pontevedra.eu). Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.



## Anexo I

### DATOS ESPECÍFICOS DA CONVOCATORIA:

**MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTUACIÓN/PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E  
OBJECTIVOS PREVISTOS**

**ENDEREZO DO LOCAL, ESTABLECEMENTO COMERCIAL OU CENTRO DE TRABALLO**

**DENOMINACIÓN DO LOCAL OU NEGOCIO**

**DATAS DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN/PROXECTO**

**Inicio (data a partir do 14/03/20)**

**Fin (data límite o 31/12/21)**

## Anexo II

### Datos económicos da actuación ou proxecto

#### ORZAMENTO DE GASTOS:

DESCRIPCIÓN DETALLADA DO GASTO	IMPORTE (SEN IVE)
1. Compra de equipamento informático e/ou tecnolóxico: adquisición de equipamentos para procesos informáticos, adquisición de ordenadores e demais conxuntos electrónicos de comunicacións e de procesos de datos.	
2. Servizos de dixitalización e de implementación de tecnoloxías dixitais: adquisición de aplicacións informáticas para a mellora e modernización da xestión comercial, hosting e servizos web, dominio en internet ou semellantes.	
3. Obras de mellora de acceso a locais ou de mellora da accesibilidade interior.	
4. Obras para o acondicionamento acústico.	
5. Obras para a adaptación de aseos.	
6. Traballos de renovación e mellora da rotulación e sinalética do local.	
7. Obras para o embelecemento e ornato de fachadas.	
8. Obras e investimentos para o acondicionamento de escaparates.	
9. Compra de equipamentos para a mellora da imaxe comercial.	
10. Traballos ou obras para a mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de climatización, electricidade, iluminación, adaptación á reciclaxe ou semellantes.	
11. Compra de mobiliario perdurable.	
12. Instalación de peches de locais ou escaparates.	
13. Gastos de compra de maquinaria e/ou equipamento destinada ao funcionamento do local ou negocio.	
14. Adquisición de vehículos comerciais	
15. Outros: _____ _____ _____	
<b>TOTAL DA ACTUACIÓN / PROXECTO*</b>	
* O importe total da actuación / proxecto será dun máximo de 12.000 € (sen IVE) e un mínimo de 1.000 € (sen IVE).	



**ORZAMENTO DE INGRESOS:**

<b>1.- INGRESOS PÚBLICOS</b>		
<b>ORGANISMO PÚBLICO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Subvención Concello de Pontevedra	subvención destinada á realización de investimentos para a modernización, mellora, adaptación e dixitalización do sector económico e comercial	
<b>2.- INGRESOS PRIVADOS</b>		
<b>CONCEPTO</b>		<b>IMPORTE</b>
Financiamento propio da solicitante para executar a actuación ou proxecto		

## Anexo III

### DATOS PARA A PUNTUACIÓN DA SOLICITUDE

<b>DIMINUCIÓN DA FACTURACIÓN</b>		
Baixada de facturación nunha porcentaxe superior ao 30% e inferior ao 50%	SI	NON
Baixada de facturación nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% e inferior ao 65%	SI	NON
Baixada de facturación nunha porcentaxe igual ou superior ao 65%	SI	NON
<b>MANTEMENTO E CREACIÓN DE EMPREGO</b>		
Mantívose o mesmo número de persoas traballadoras nos últimos 12 meses anteriores á publicación da convocatoria no BOPPO	SI	NON
Creouse nos últimos 12 meses anteriores á publicación da convocatoria no BOPPO un ou máis postos de traballo por conta allea	SI	NON
<b>EMPREGO DA LINGUA GALEGA na realización das actividades propias da empresa ou negocio</b>		
	SI	NON

## Anexo IV

### Declaración responsable

#### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención ao Concello de Pontevedra.

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, que as copias dixitalizadas presentadas constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais e que cumpre cos requisitos para ser beneficiaria establecidos na convocatoria.

3. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle impidan obter a condición de entidade ou persoa beneficiaria.

4. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado, coa Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, así como co Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos.

6. Que emprega a menos de 50 persoas e o seu volume de negocios anual non supera os dez millóns de euros, segundo o disposto no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

7. Que ten o seu domicilio social e fiscal no Concello de Pontevedra e desenvolve a súa actividade económica nun local, establecemento ou centro de traballo determinado aberto ao público e con atención directa a este que estea situado no Concello de Pontevedra. No caso de persoas emprendedoras o domicilio fiscal poderá estar noutro Concello, pero deberán desenvolver a súa actividade nun local situado no Concello de Pontevedra.

8. Que está dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.

9. Que a actuación ou proxecto para o que se solicita a subvención non é anterior ao 14 de marzo de 2020.



### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA PERSOA/ENTIDADE INTERESADA:

- Se a solicitante é persoa xurídica: copia do documento de constitución da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade de quen asina a solicitude.
- Certificado de situación censal actualizado que indique a actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade ou documento equivalente.
- Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.

### DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA PUNTUAR AS SOLICITUDES:

#### No caso de diminución de facturación:

- Declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020.
- Declaracións trimestrais de IVE (modelo 303).
- Declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do 4º trimestre do ano 2019 e do 4º trimestre do ano 2020.
- Copias, referidas aos períodos de comparación, de: libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro rexistro de vendas e ingresos, libro de compras e gastos.

#### No caso de creación de emprego por conta allea:

- Informe de datos para a cotización (IDC) da Tesourería Xeral da Seguridade Social das novas persoas contratadas.
- Relación nominal de persoas traballadoras (RNT) incluídas na cotización á Seguridade Social.

#### No caso de mantemento de emprego:

- Informe de vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
- Documento de Relación nominal de traballadores á data do mes anterior á publicación desta convocatoria no BOPPO.

#### No caso de emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa ou negocio:

- calquera medio ou documento que acredite o uso normal do galego na actividade propia e ordinaria da empresa, como páxina web, publicidade, cartelaría, etc.

Outros: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_